



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

DECRETO ALCALDÍA DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

Visto que mediante Resolución de Alcaldía con data 17 de febreiro de 2010 aprobouse o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas para a adxudicación das obras consistentes en **“PROXECTO INTEGRAL DA POSTA EN VALOR MEDIOAMBIENTAL DA MARXE COSTEIRA, ESPAZOS ENGLOBALADOS NA REDE NATURA, CAUCES FLUVIAIS, ELIMINACIÓN DE VERTEDOIROS INCONTROLADOS E ÁREAS DE DESCANSO E RECREATIVAS DO CONCELLO DE FOZ”**, por procedemento negociado sen publicidade, así mesmo procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

Visto que con data 03 de marzo de 2010 procedeuse á apertura da documentación administrativa e económica contida nas ofertas presentadas polas seguintes empresas:

- OBRAS CIVIS DA MARIÑA S.L.
- CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO, S.L.
- CONSTRUCCIONES CARFERLO, S.L.

Analizadas as ofertas económicas, realízase proposta de adxudicación a favor da empresa OBRAS CIVIS DA MARIÑA, S.L. e examinada a documentación que a acompaña e de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Visto que con data 03 de marzo de 2010, o órgano de contratación adxudicou provisionalmente a favor da empresa OBRAS CIVIS DA MARIÑA, S.L., o contrato de obras polo prezo de 89.957,38 € e 14.393,18 € de IVE, coa obriga de contratar a dous albaneles (Tipo I, Tipo II) de construción durante 180 días cada un a xornada completa e unha mellora na obra por importe de 4.300,00 €, IVE non incluído, dacordo coa oferta.

Visto que a adxudicación provisional notificouse a todos os candidatos e publicouse no Perfil do Contratante con data 04 de marzo de 2010.

Visto que a adxudicación provisional notificouse ao adxudicatario requiríndolle para que presentara a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e constituíra a garantía definitiva e alta no imposto de actividades económicas.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Visto que con data 15 de marzo de 2010 o adxudicatario constituíu garantía definitiva por importe de 4.497,87 € e presentou os documentos xustificativos esixidos.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

RESOLVO

PRIMEIRO. Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de obras de **“PROXECTO INTEGRAL DA POSTA EN VALOR MEDIOAMBIENTAL DA MARXE COSTEIRA, ESPAZOS ENGLOBALADOS NA REDE NATURA, CAUCES FLUVIAIS, ELIMINACIÓN DE VERTEDOIROIS INCONTROLADOS E ÁREAS DE DESCANSO E RECREATIVAS DO CONCELLO DE FOZ”**, aprobada por Decreto de Alcaldía con data 17 de febreiro de 2010 e publicada no Perfil de Contratante coa mesma data.

SEGUNDO. Dispoñer o gasto con cargo á partida correspondinte do orzamento vixente de gastos.

TERCEIRO. Notificar a adxudicación definitiva aos candidatos que non resultaron adxudicatarios e autorizar a devolución da garantía provisional por eles prestada.

CUARTO. Notificar á empresa OBRAS CIVIS DA MARIÑA, S.L., adxudicataria do contrato, a presente Resolución e citarlle para a sinatura do contrato, que se formalizará en documento administrativo dentro do prazo de cinco días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva, constituíndo o devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública correndo do seu cargos os correspondentes gastos.

QUINTO. Publicar a adxudicación definitiva do contrato de obras no Perfil de contratante.

SEXTO. Formalizado o contrato deberase presentar polo contratista o Plan de Seguridade e Saúde da Obra axustado ao Estudo de Seguridade e Saúde [*ou Estudo Básico de Seguridade*] do Proxecto para a súa aprobación polo Concello previo informe do



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Coordinador de Seguridade e Saúde [*ou Director Facultativo das Obras*] e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederáse ao acta de reformulación e inicio da obra.

SÉTIMO. Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

En Foz a, 16 de marzo de 2010

O Alcalde,

A Secretaria,

José María García Rivera.

M^a del Carmen Seoane Bouzas

